

## Informe da Directora

### Xunta de Escola, 4 de decembro de 2023

#### 1 Actividades de representación

A directora informa a asistencia ás seguintes actividades de representación:

- 8 setembro. Asistencia da directora en representación da Escola ao acto de inauguración do curso académico do SUG.
- 31 outubro. Asistencia da directora en representación da Escola ao acto de presentación do programade apoio á formación CAMPO SEMENTA, da empresa CERÁMICA CAMPO.
- 3 novembro. Asistencia da directora en representación da Escola ao Foro sobre Biogás/Bioetano organizado por CLUERGAL (Clúster de Enerxías Renovables de Galicia).
- 22 a 24 novembro. Asistencia da directora, en representación da Escola, ao “XV Congreso Internacional de Enerxía y Recursos Minerales”, celebrado en León. Presentación da comunicación “Despertando vocaciones científico-tecnolóxicas en el ámbito de la gestión de recursos mineros y energéticos a través del proyecto LA CAJA SOSTENIBLE”. Autores: Pozo-Antonio, J.S.; Alonso, E.; Araújo, M.; Cordeiro, M.; Deive, F.; Eguía, P.; Patiño, D.; Pérez, K.; Pérez-Orozco, R.; Rivas, T.; Vázquez, B.
- 25 novembro. Asistencia da directora en Santiago á celebración do 25 aniversario do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Grados en Minas e Enerxía de Galicia.
- 1 decembro. Asistencia da directora aos actos de celebración de Santa Bárbara organizados pola Cámara Oficial de Minería de Galicia.
- 1 decembro. Asistencia da directora á Xornada “Tecnoloxía para o Ben Común”, organizada por Artigo9tech.
- 2 decembro. Asistencia da directora aos actos de celebración de Santa Bárbara organizados polo Colexio de Enxeñeiros de Minas do Noroeste.

#### 2 Reunións de traballo

- 4 setembro. Reunión da directora con representantes da empresa KAIZEN INSTITUTE.
- 5 outubro. Asistencia da directora á reunión de traballo da Conferencia de Directores/as de Escolas de Enxeñaría de Minas e Enerxía (CODEIME).
- 20 outubro. Reunión da directora con Andrés Bouza, coordinador do Ciclo Medio FP de Escavacións e Sondaxes.
- 26 outubro. Asistencia da directora á reunión da Comisión de Seguimento do convenio de colaboración RAI-CODEIME.

- 7 novembro. Reunión da directora coa Subdirectora Xeral de Recursos Minerais da Xunta de Galicia.

### 3 Celebración de Santa Bárbara

O 29 de novembro tivo lugar na Escola o acto de celebración da patroa do centro, Santa Bárbara, e realizáronse as seguintes actividades:

#### 3.1 Entrega de Premios do Concurso CONTOS-EME 2023

Trátase da segunda edición desde concurso. Agradécese a colaboración do Xurado, formado por:

- Cinthia Carou, González, en representación do estudantado da escola
- Carmen Romo Pérez, en representación do PAS do centro
- Teresa Rivas Brea, en representación do profesorado do centro
- A experta en igualdade e profesora da área de Didáctica das ciencias experimentais, Azucena Arias Correa, representante en materia de igualdade
- O escritor José Montero Reguera, en calidade de profesional.

As persoas gañadoras foron:

- Categoría de alumnado de Bacharelato ou Ciclo superior FP
  - 1º premio: Inés Combo García (IES La Salle, Santiago de Compostela) polo relato titulado "*Luz Mineral*"
  - Accésit: Mencía Jorge Cabaleiro (IES Castela, Vigo), polo relato titulado "*Fogar*".
- Categoría de estudantado de Grao ou Mestrado Universitario da Universidade de Vigo
  - 1º premio: Julián Zubimendi Sánchez Ocaña, por un relato no que non consta título.
  - Accésit: Diego Costas Moyano polo relato titulado "*Orus*".

Agradécese as persoas participantes no concurso, o traballo realizado polo xurado e o traballo de coordinación e organización realizado por Generosa Fernández, Enlace de Igualdade da EME.

#### 3.2 Entrega de Premios do Concurso ENFOCA.RME 2022

Presentáronse 70 fotografías nesta edición. As persoas premiadas foron:

- 1º Premio: "*Paisaxe de la industria del yeso*", de Javier Martínez Bravo
- 2º Premio: "*Rotopala III*", de Rubén Pereira Castrillón.

O xurado do concurso estivo formado polas seguintes persoas:

- Ruth Villar Martínez (estudante do Grao EE)
- Abraham Novas Verde (estudante do Grao ERME)
- Pablo Goyanes Collazo (representante do PAS)
- José Domingo Moya Rico (profesorado Grao EE)
- Joaquín Martínez Sánchez (profesorado Grao ERME).

Agradécese o labor do xurado e das persoas participantes, e a Raquel Pérez a coordinación e organización do concurso.

### 3.3 - Presentación do Museo Virtual de Minerais

Levou a cabo a presentación a cargo de Iago Pozo, coordinador do grupo XEODA, do museo virtual e catálogo da colección de minerais “*D. Manual de Sas de la Encina*”.

### 3.4 Entrega dos Premios COIMNE

Durante os actos de celebración de Santa Bárbara entregáronse os Premios COIMNE aos mellores expedientes de acceso ao Máster Universitario en Enxeñaría de Minas. Entregou os Premios o Decano-Presidente de COIMNE, Juan José Fernández Díaz. Cada premio supón unha dotación de 500 €. As persoas premiadas foron Amanda Franco Sardinha e Xiana Ferrer Feás.

O COIMNE tamén fixo entrega dos premios aos mellores expedientes de acceso ao Grao en Enxeñaría da Enerxía. As persoas premiadas foron Martina Cárdenas Corral e Richard García Diz. A dotación de cada premio é de 300 euros.

### 3.5 Entrega dos Premios COITMGA

Entrega dos Premios COITMGA (Colexio de Enxeñeiros Técnicos e Graos en Minas e Enerxía de Galicia) aos mellores expedientes de acceso ao Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos. Entregaron os premios Luz María San Pelayo Pérez, Secretaria do COITMGA e Pablo Álvarez, Vocal do COITMGA. As persoas premiadas foron: Samuel Fernández Docherty e Diego Mena Fiaño. A dotación de cada premio é de 300 euros.

Agradécese ao COIMNE e ao COITMGA a dotación dos premios e a súa colaboración coa Escola.

## 4 Relacións Internacionais

Infórmase das actividades realizadas por Francisco Deive en calidade de Coordinador de RRII da Escola:

- 7 de setembro. Asistencia á xornada informativa coa Vicerreitora de Internacionalización, director da Promoción da Internacionalización e a directora da ORI, onde se trataron as accións do ámbito de internacionalización que se levarán a cabo durante o curso 2023/2024.
- 20 setembro. Reunión co Prof. Andy Junker e a Subdirectora de Relacións Internacionais da Escola de Enxeñaría Industrial para recoller información das actividades do “*International Project Semester*” que se propoñen na Universidade de Saarbrücken para ofrecelo a estudantes da EEME, EEI e EET.
- 11 de setembro. Asistencia á reunión informativa da directora da ORI para informar ao estudantado das diferentes oportunidades de financiamento para estadias nacionais e internacionais.

Tamén elaborou o *Informe do Plan de Internacionalización do centro*, correspondente aos tres últimos cursos académicos (2020/2021, 2021/2022 e 2022/2023).

En relación á mobilidade Erasmus+ de estudantado entrante cabe indicar os seguintes neste cuadrimestre:

- Marco Romio (Politécnico di Milano, Italia)
- Davide Dioguardi (University of Palermo, Italia)

- Ömer Sur (Sivas Cumhuriyet Universitesi, Turquía)
- Nicola Collura (University of Palermo, Italia)
- Jan Büssis (Jade University of Applied Sciences, Wilhelmshaven, Alemaña)
- Anne Brümmer (Jade University of Applied Sciences, Wilhelmshaven, Alemaña).

Agradécese a Francisco Deive o traballo realizado en calidade de responsable de RRII do centro.

## 5 Divulgación Científica e Captación de Alumnado

### 5.1 Sesións informativas (a través do SIE)

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante
24/11/2023	IES Los Sauces (Vigo)	2ºBach	15	María Araújo

### 5.2 Conferencias nos IES

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
28/09/2023	IES Castelao (Vigo)	1º Bach	75	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Luz e Cor
27/10/2023	IES Castro Aobre (Vilagarcía de Arousa)	1º e 2º ESO	275	Moisés Cordeiro, Javier López, Raquel Pérez, Jesús Rico, Iago Villarino	Intelixencia Artificial
06/11/2023	IES Castelao (Vigo)	1º Bach	56	Moisés Cordeiro	Intelixencia Artificial
09/11/2023	Compañía de María (Vigo)	1º e 2º Bach	10	Raquel Pérez	Intelixencia Artificial
10/11/2023	Colexio Vigo (Redondela)	1º Bach	15	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Luz e Cor
20/11/2023	Colexio Concepción Arenal (Ourense)	4º ESO	35	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Luz e Cor
21/11/2023	IES Indalecio Pérez Tizón (Tui)	1º e 2º Bach	26	Elena Alonso	Sustentabilidade na explotación de recursos mineiros
23/11/2023	IES Castelao (Vigo)	1º Bach	35	Andrés Cristóbal	Materiais Intelixentes
27/11/2023	Compañía de María (Vigo)	1º e 2º Bach	10	María Araújo	Minería Espacial
29/11/2023	IES A Xunqueira II (Pontevedra)	3º ESO	130	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Luz e Cor
30/11/2023	IES Plurilingüe A Paralaia (Moaña)	4º ESO	55	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Luz e Cor

## 5.3 Participación en Feiras

Data	Nome	Colexio/IES	Actividade	PDI participante
04/10/2023 05/10/2023 06/10/2023	EDUGAL (Pontevedra)	Público en Xeral	Stand da EME (Información sobre os Graos e as saídas laborais)	Mateo Salgado, Romina Pacini, Luiz Marcelino, Raquel Pérez, Javier López, Moisés Cordeiro, Andrés Cristóbal, Manuel Fernández, Borja Barreiro

## 5.4 Xornadas de Portas Abertas

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Laboratorios visitados
04/12/2023	IES Indalecio Pérez Tizón (Tui)	1º e 2º Bach	26	Javier López Laura Andrés Carmen Mariño e Iria Feijoó	GTE GESSMIN ENCOMAT

## 5.5 Aula Aberta TecnoCiencia

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
26/09/2023	IES María Soliño (Cangas)	2º Bach	13	Pablo del Río Benito Vázquez	Termografía IV Física Re-Creativa: Óptica Xeométrica
02/11/2023	IES Luis Seoane (Pontevedra)	3º e 4º ESO	20	Andrés Cristóbal	Materiais Intelixentes
14/11/2023	Colexio Andersen (Valadares)	3º e 4º ESO	20	Benito Vázquez María Pazo	Física Re-Creativa Materiais Intelixentes
17/11/2023	IES Politécnico (Vigo)	1º Bach	50	Daniel Lamas e Francisco García Raquel Pérez	Termografía infravermella Intelixencia Artificial
29/11/2023	Colexio Vigo (Redondela)	2º Bach		Raquel Pérez	Combustión

## 5.6 Obradoiro de recoñecemento de minerais

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Lugar
03/11/2023	IES O Castro (Vigo)	1º e 2º Bach	21	Teresa Rivas	EME
17/11/2023	IES Politécnico (Vigo)	1º Bach	25	Raquel Pérez	EME
24/11/2023	IES Lamas de Abade (Santiago de Compostela)	1º ESO	72	Laura Andrés e Raquel Pérez	Centro

## 5.7 Outras actividades

Data	Lugar	Destinatarios	Número asistentes	Actividade	PDI e alumnado participante	Actividades/Obradoiros
29/09/2023	Vigo	Público en xeral		GNIGHT-Expo-Feira	Javier López e Moisés Cordeiro María Pazo e Andres Cristóbal	Termografía Materiais
29/09/2023	Vigo	Público en xeral		GNIGHT – Ciencia no Bar	Ana Larrañaga	Que fai unha científica de datos?
13/11/2023	CIFP Valentín Paz Andrade (Vigo)	FP	250	Xornada de Intelixencia Artificial	María Pazo	Mesa redonda sobre a IA
27/11/2023	Edificio Redeiras (Vigo)	PDI da UVIGO	30	Obradoiro <i>Comunica a túa ciencia</i> (Programa Ciencia de ida e volta)	Benito Vázquez	Experiencias na UVigo
01/12/2023	IES Valadares (Vigo)	3º ESO		Mulleres na Ciencia e na Tecnoloxía	Raquel Pérez	Mulleres STEM

Agradécese ás persoas que participaron nas actividades de divulgación e a Raquel Pérez o labor de coordinación.

## 6 Sistema Garantía Calidade

### 6.1 Reunión Comisión Calidade UVIGO

O 6 de outubro de 2023 Guillermo García, Coordinador de Calidade do centro, asistiu en representación da Escola á Comisión de Calidade da UVIGO. Os puntos que se trataron foron:

- A necesidade de adaptar as titulacións ao disposto no RD822/2021
- Presentouse a Axenda básica de calidade 23/24 e informouse da apertura da plataforma do SGIC 23/24 (02/11/2023)
- Desde o centro trasladouse a problemática da realización das EADs en modalidade *online* e as problemáticas xurdidas da implantación de SIGMA. En particular trasladouse a problemática coa asignación dos datos do profesorado do GERME que imparte docencia nas materias compartidas co GEE.

### 6.2 Espazos INFO e COOR en MOOVI para o curso 2023/2024

Habilitáronse os espazos de coordinación horizontal e vertical de profesorado (espazo COOR) e os espazos de comunicación co estudantado (espazos INFO) en MooVi.

### 6.3 Programa Estratéxico da Escola

O 24 de outubro tivo lugar a primeira reunión da Comisión de elaboración do Programa estratéxico da escola, onde se presentou a planificación do traballo a desenvolver e propúxose a

creación dun espazo en MooVi como espazo de comunicación e repositorio de documentación da comisión.

## 6.4 Comisión de Calidade da Escola

Na sesión do 19 de outubro da Comisión de Calidade aprobáronse os seguintes rexistros do SGIC que non requiren a súa aprobación na xunta de centro:

- R3-MC02 Informe de QSP periódico (curso 2022/2023)
- R1-MC05 Informe de Resultados de Satisfacción Propios do centro (curso 2022/2023)
- R3 DO-0201 Informes de Coordinación das 3 titulacións impartidas no centro (curso 2022/2023)
- R1 DO-0202 Informe Anual de Promoción das titulacións do centro (curso 2022/2023).

## 6.5 Enquisas Satisfacción

O 18 outubro publicáronse os resultados das enquisas de satisfacción coas titulacións (alumnado, PDI, PAS e persoas tituladas).

## 6.6 Enquisas Avaliación Docente

Publicáronse os resultados provisionais das EAD curso 2023/2024 e habilitouse o prazo de reclamacións ata o 11 de novembro.

Agradécese a Guillermo García o traballo realizado como Coordinador de Calidade e as persoas que participaron nas diferentes actividades do SGIC.

## 7 Recursos materiais e infraestruturas

- Solicitouse apoio para a realización de Actividades Extracurriculares 2023 na convocatoria anual da Vicerreitoría de Extensión Universitaria e concedéronse 1850 € euros.
- Recibiuse un orzamento extra da partida 626 para 2023 (9.326 €), que se investiu en:
  - Instalación do equipamento para videoconferencia na aula M106 (1.900,18 €)
  - Adquisición do equipo para visitas guiadas e saídas de estudos (2.572,46 €)
  - Adquisición de pantallas para o laboratorio LM213 (3.709,38 €)
  - Adquisición dun canón (888,14 €)
  - Adquisición de software (256,0 €)
  - Instalación de cableado na aula de graos.
- Recibiuse o orzamento do 2024 para o centro: 97.100 €
- Incorporouse un novo bolseiro de servizos informáticos o 23 de outubro.

Agradécese a Francisco Deive o traballo realizado como responsable de AAEE e infraestruturas da Escola.

## 8 Plan Acción Titorial

### 8.1 Orientación académica e profesional

- 19 xullo. Sesión informativa ao estudiantado de 3º GERME e GEE, impartida Francisco Deive e María Araújo.
- 19 xullo. Sesión informativa de orientación académica e profesional. Participaron as persoas coordinadoras das dúas titulacións de máster universitario da Escola (María Araújo e Elena Alonso).
- 21 de xullo. Sesión informativa estudiantado de 3º e 4º dos graos do centro sobre o MUEM. Elena Alonso.
- 7 de setembro. Sesión de benvida ao alumnado de novo ingreso dos graos do centro. Participaron o equipo directivo, o Enlace de Igualdade, a Coordinadora de Primeiro Curso, Carmen Romo e a Delegación de Alumnado.
- 18 de setembro. Sesión de benvida ao alumnado de novo ingreso no MUEM. Elena Alonso e Guillermo García.
- 18 de setembro. Sesión de benvida ao alumnado de novo ingreso no MUXSA. María Araújo.
- 25 de outubro de 2023. Impartición dunha sesión informativa sobre mobilidade para estudiantado de grao e máster. Francisco Deive.
- 29 de novembro. Conferencia cargo do Decano-Presidente do COIMNE sobre as saídas profesionais e profesión regulada dos/as enxeñeiros/as de minas.
- 28 novembro. Reunión co estudiantado para seguimento do 4º curso dos graos (plan novo): Francisco Deive, Iria Feijoo, Fernando García e Ana Rodríguez.

## 9 Desenvolvemento titulacións

### 9.1 Defensa de TFG e TFM da convocatoria ordinaria

Tivo lugar a defensa de TFGs correspondente ás convocatorias de xullo e fin de carreira:

- Grao en Enxeñaría da Enerxía: 9 estudantes
- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos: 5 estudantes.

### 9.2 Datos matrícula novo ingreso nos graos

	17/18	18/19	19/20	20/21	21/22	22/23	23/24
Grao EE	43	50	31	42	45	47	47
Grao ERME	13	8	8	6	15	11	8
Total graos	56	58	39	48	60	58	55

### 9.3 Solicitud Selo Grao Excelencia

A Escola presentou o Grao en Enxeñaría da Enerxía á “Convocatoria para la concesión del Sello de grado de excelencia a titulaciones universitarias de grado impartidas por las universidades del Sistema universitario de Galicia en el curso académico 2022/23”



Agradécese a Guillermo García, Carmen Romo, Francisco Deive e ao profesorado da titulación o traballo realizado para a recollida da información e preparación da solicitude do Selo.

## 10 Persoas egresadas

Infórmase do último número da revista “*Materia Prima*”, presentado o 4 de decembro, día de celebración de Santa Bárbara, patroa do centro.

Agradécese a Eduardo Liz o labor de coordinación e elaboración da revista e ás persoas que participaron neste número.

## 11 Comunidade do centro

### 11.1 Promoción a Catedrático/a de Universidade

Infórmase da promoción a Catedrático/a de Universidade de Ana María Rodríguez Rodríguez (Enxeñaría Química) e Pablo Eguía Oller (Máquinas e motores térmicos), profesorado da escola, aos que se lles trasladan os parabéns en nome da comunidade do centro.

### 11.2 Concesión Premio Profesorado

Infórmase da concesión do “[Premio de la Real Sociedad Española de Física](#)”, na modalidade “[Enseñanza y Divulgación](#)” ao profesor Benito Vázquez Dorrió, a quen se trasladan os parabéns en nome da comunidade do centro. Cabe sinalar que estes premios son de ámbito nacional.

### 11.3 Outros

Infórmase da concesión do “Premio Paraugas ao Mellor Traballo en Gran Formato” a “Aula Aberta á Tecnociencia. Imprimeverde – Universidade de Vigo” nos *VIII Premios Paraugas do Marketing e da Comunicación de Galicia*.

## 12 Delegación de Alumnado

Infórmase das actividades organizadas por Delegación de Alumnado para a celebración de Santa Bárbara:

- 22 novembro. Conferencia impartida por *Enxeñaría sen Fronteiras Galicia* sobre as comunidades enerxéticas
- 27 novembro. Conferencia impartida por Alejandro López, da empresa Kaizen Institute, sobre saídas profesionais na enxeñaría da enerxía
- Organización de torneos: baloncesto, xadrez e ping pong
- 30 novembro. Organización da celebración do estudantado, profesorado e PAS da escola
- 1 decembro. Carreira de Santa Bárbara.

A directora agradece o traballo realizado desde Delegación de Alumnado na organización destas actividades e a súa implicación e xenerosidade en todas as actividades que se propoñen desde a dirección da escola.